

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, A TRAVÉS DO SEU MUSEO, PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA DE PRESCRIPCIÓN SOCIAL E CULTURAL NA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

REUNIDOS

Dunha parte, Antonio Gómez Caamaño, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, entidade co CIF P3 600 000-H e domicilio na rúa Pasantería, núm. 2, 36002 Pontevedra, quen actúa no exercicio do seu cargo e en virtude do nomeamento por acto plenario de data 6 de xullo de 2023, de acordo coas competencias recoñecidas no artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia.

Dan fe do acto:

- Por parte da Deputación de Pontevedra: Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra
- Por parte da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés: Itziar Melendo Barbeito, Directora de Atención Primaria da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

Ambas as dúas partes, actuando coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida, interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lle están legalmente atribuídas, e recoñécense mutua e reciprocamente con capacidade legal para obrigarse e formalizar este convenio nos termos que nel se conteñen e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro

No artigo 44.1 do Capítulo Terceiro, do Título I da Constitución española, dedicado aos principios reitores da política social e económica, establécese que “os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito”.

Segundo

Tanto na Lei 8/2008, de 10 de xullo, de Saúde de Galicia, coma no Decreto 145/2024, de 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, determínase que este é un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica e plena capacidade para cumprir os seus fins, adscrito á Consellería de Sanidade e configurado para o desenvolvemento axeitado das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

Pola súa parte, no Decreto 134/2019, de 10 de outubro, polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia, configúranse ás áreas sanitarias como estruturas organizativas sen personalidade xurídica integradas na estrutura periférica do Servizo Galego de Saúde que xestionan, con autonomía funcional e de forma integrada, a xestión dos centros, recursos sanitarios, prestacións e programas de atención sanitaria, tanto a nivel de atención primaria coma hospitalaria, así como a coordinación sociosanitaria e de promoción e protección da saúde, no seu respectivo ámbito territorial.

Terceiro

Nos últimos anos estase a producir un aumento, tanto no ámbito nacional coma internacional, da implantación de programas de prescrición social con intención de mellorar a saúde e o benestar da poboación.

Enténdese por programas de prescrición social os procesos mediante os que as e os profesionais sanitarios recoméndanlles, ás persoas que acoden ás consultas, os servizos, recursos ou actividades dispoñibles na súa comunidade e que poderían ser beneficiosos para mellorar a súa saúde e benestar. En definitiva, recursos e actividades que son identificados por parte da poboación como saudables e que teñen a capacidade de mellorar as circunstancias de individuos ou grupos e de potenciar as súas habilidades e capacidades individuais e colectivas.

Neste sentido, o concepto de prescrición social emerxeu como unha ferramenta eficaz para abordar problemas de saúde mental, emocional e de benestar xeral e supuxo un aumento do interese por enfoques terapéuticos alternativos que consideren a persoa na súa totalidade e que integren a saúde física, emocional e social.

Cuarto

En España, a implantación destes programas encádrase no Marco Estratéxico para a atención primaria e comunitaria. O Plan de Acción de Atención Primaria e Comunitaria 2022-2030 busca facer operativo este marco, destacando a importancia de fortalecer a orientación comunitaria.

Isto supón un avance no recoñecemento da importancia dos seus determinantes sociais na saúde e un gran paso para paliar o impacto que a súa distribución desigual ten na poboación que acude ás consultas de atención primaria.

Nun contexto no que a soidade, o estrés e os trastornos de saúde mental coma a depresión e a ansiedade afectan a unha gran parte da poboación, exponse a necesidade dunha resposta innovadora por parte dos sistemas de saúde.

A prescrición cultural, dentro do marco da prescrición social, destacouse como unha opción non farmacolóxica que ofrece grandes beneficios. Este enfoque considera que a participación en actividades culturais e artísticas ten un impacto positivo directo sobre o benestar emocional, a cohesión social e a calidade de vida e, por esta razón, o Servizo Galego de Saúde está interesado en poñer en marcha un programa desta natureza.

Estas actividades poden ser promovidas polos propios equipos de atención primaria.

Quinto

A Deputación de Pontevedra desenvolve actuacións para o fomento da cultura, a través da cooperación e coordinación cos concellos, co obxectivo de garantir unha prestación axeitada e eficiente dos servizos públicos en todo o territorio provincial.

No marco das súas competencias para a prestación de servizos públicos de carácter supramunicipal, consonte ao artigo 36.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ten unha especial importancia a actividade que xestiona e desenvolve o Museo de Pontevedra, como centro de fomento e divulgación cultural que colabora na recuperación do valioso patrimonio cultural da provincia de Pontevedra.

Sexto



O Museo de Pontevedra, fundado o 30 de decembro de 1927, é unha institución pública dependente da Deputación de Pontevedra, sen fins de lucro, ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento. A súa misión é formar, conservar, investigar, difundir e exhibir unha colección permanente de obxectos de arte de todo tipo, ofrecer exposicións temporais que inclúan pezas en préstamo e cultivar e fomentar a arte cos medios adecuados a través da realización de actividades idóneas que procuren o desenvolvemento artístico e cultural da provincia, co desenvolvemento e participación en actividades de relevancia nacional e internacional.

O Museo, co propósito de fomentar a concienciación, investigación e innovación arredor da cultura e da arte, procura promover a dinamización cultural, transformándose nun espazo cultural no que todos os públicos poidan gozar dunha programación vinculada ás exposicións, coma visitas guiadas e actividades complementarias ás propostas expositivas: obradoiros, conferencias, concertos, actividades culturais e outras.

Neste contexto, cómpre sinalar que o Museo é unha institución necesaria para a salvagardar os nosos valores culturais, xa que contribúe a fomentar, inspirar e guiar a cultura; considérase un lugar onde descubrir a diversidade do patrimonio cultural da provincia, coa creación de novas formas de coñecemento e coa xeración de ideas. Ademais, desde o museo procúrase promover e fomentar a participación cultural.

Sétimo

Ambas as dúas entidades, a Deputación de Pontevedra e o Servizo Galego de Saúde, dado o interese seu común polos beneficios da cultura, están interesadas en colaborar coa finalidade de implantar un programa de prescrición cultural mediante o que se mellore a calidade de vida das e dos pacientes a través de actividades culturais, obradoiros artísticos e outras actividades organizadas no museo, ao ofrecer unha ferramenta accesible que poida integrarse nos tratamentos tradicionais de atención primaria e especializada como son as visitas terapéuticas.

Por todo iso, ambas as dúas institucións teñen interese en colaborar na implantación dun programa de prescrición cultural e, para iso, acordan asinar o presente convenio de colaboración, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto



Este convenio ten por obxecto fixar as condicións de colaboración entre a Deputación de Pontevedra, a través do Museo de Pontevedra, e o Servizo Galego de Saúde para implantar no ámbito da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés un programa de prescrición cultural que se articula arredor de varios obxectivos fundamentais:

1. Fomentar a inclusión social e a participación comunitaria: promover a interacción social mediante a prescrición de actividades culturais, xa que axuda a combater a soidade e o illamento. As actividades en grupo, como obradoiros e visitas guiadas, fomentan un sentido de pertenza e fortalecen os lazos comunitarios.
2. Prover alternativas terapéuticas non farmacolóxicas: complementar os tratamentos médicos tradicionais a través dunha intervención cultural que poida mellorar a saúde das e dos pacientes sen a necesidade de medicamentos adicionais.
3. Promover o acceso á cultura: facer a cultura accesible para todas as persoas, empregando a arte e as actividades culturais como unha parte do tratamento integral, e axudar a eliminar as barreiras económicas e sociais que dificultan o acceso a esta.
4. Avaliar a efectividade da prescrición cultural: ofrecer datos valiosos para avaliar o impacto da cultura na saúde e a súa posible integración no sistema de saúde de Galicia a longo prazo.

O programa inclúe un sistema de seguimento para avaliar o progreso das e dos pacientes durante a súa participación nas actividades culturais. Isto levarase a cabo a través de:

- Reavaliacións periódicas das e dos pacientes por parte dos/das médicos/médicas de atención primaria, nas que se medirán os cambios no seu benestar emocional e saúde mental.
- Axustes na prescrición cultural en función da evolución de cada paciente, que permita unha adaptación personalizada.

De igual xeito, o programa estará suxeito a unha avaliación continua para medir o seu impacto na saúde das e dos pacientes. Os principais indicadores de éxito incluírán:

- Melloras na saúde mental: redución de síntomas de ansiedade, depresión e estrés, segundo avaliacións clínicas e autoinformes de pacientes.
- Satisfacción da ou do paciente: medición do grao de satisfacción coas actividades culturais a través de enquisas e entrevistas individuais.
- Impacto social: avaliación da mellora nas relacións interpersoais, o sentido de comunidade e a inclusión social.

Ao finalizar o programa, o Servizo Galego de Saúde elaborará un informe detallado que

incluíra resultados cuantitativos e cualitativos, co fin de avaliar a viabilidade dunha expansión rexional ou nacional.

Segunda. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra asume, en virtude do presente convenio, os seguintes compromisos:

- Reservar prazas para visitas guiadas ás súas coleccións, segundo a frecuencia recomendada para as necesidades da ou do paciente.
- Dentro do programa de acción cultural, poñer en marcha obradoiros creativos e terapéuticos con actividades que fomenten a expresión artística como unha ferramenta de coñecemento e recuperación, colaborando co Servizo Galego de Saúde para un deseño adecuado.
- Facilitar o acceso aos eventos culturais do museo para estimular a creatividade, a socialización e o benestar emocional aos pacientes que se deriven para participar no programa prescrición cultural
- Poñer a disposición do Servizo Galego de Saúde os seus espazos, así como as instalacións accesibles para pacientes con mobilidade reducida dos que está dotado, para realizar os obradoiros.

O acceso ao museo, tanto para participar nas visitas guiadas coma nos obradoiros ou eventos é gratuíto.

O Servizo Galego de Saúde a través da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, comprométese ao seguinte:

- Formar ás/os profesionais sanitarios

Antes de iniciar o programa, o persoal de atención primaria recibirá formación específica sobre o valor terapéutico da cultura, para o cal se organizarán obradoiros e seminarios que inclúan:

- Sensibilización sobre a prescrición cultural: capacitación para o persoal médico e de enfermaría de como prescribir visitas culturais e como identificar pacientes que poderían beneficiarse destas intervencións.
 - Guía de recomendación: creación dunha guía detallada que permita que as e os profesionais de saúde de atención primaria recomenden actividades culturais baseadas nas necesidades e preferencias das e dos pacientes.
- Avaliar inicialmente ás/os pacientes:

Durante as consultas nos centros de saúde de atención primaria, as e os profesionais da saúde avaliarán non só o estado físico da ou do paciente, senón tamén o seu benestar emocional, para o que empregarán cuestionarios e entrevistas nas que se inclúan preguntas sobre o seu interese na cultura e na arte. As e os pacientes que presenten síntomas de estrés, ansiedade ou illamento social seleccionaranse para participar no programa.

- Prescribir actividades culturais e obter o consentimento informado das e dos pacientes participantes

Unha vez que a/o profesional sanitario identifique as persoas que poderían beneficiarse, informaraas de forma clara, precisa e suficiente dos obxectivos que se pretenden conseguir e das características das actividades que se levarán a cabo no marco deste convenio.

O persoal facultativo emitiralles ás e aos pacientes unha prescrición cultural baseada en visitas guiadas ao museo, coa frecuencia recomendada segundo as súas necesidades, no acceso a obradoiros artísticos adaptados aos perfís e na participación en eventos culturais que poidan estimular a súa creatividade, socialización e benestar emocional.

As e os pacientes, despois de recibir a información necesaria e comprender as explicacións recibidas, asinarán un formulario no que autorizarán a súa participación nas actividades correspondentes.

Así mesmo, asumirán voluntariamente os riscos das actividades nas que participen e exonerarán de toda responsabilidade ao Servizo Galego de Saúde de calquera dano ou prexuízo que poidan sufrir no desenvolvemento destas.

Terceira. Comisión Mixta Paritaria

Acórdase a creación dunha comisión mixta paritaria para o seguimento e control deste convenio. Esta comisión terá como obxectivo supervisar a consecución dos compromisos adquiridos polas partes a través deste convenio, así como validar o seu cumprimento e resolver as dúbidas que puidesen xurdir entre as partes. A comisión estará integrada por:

- Unha persoa representante do Servizo Galego de Saúde.
- Unha persoa representante da Deputación de Pontevedra.

Á comisión mixta corresponderanlle as seguintes funcións:

- a) Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas para tal fin.
- b) Interpretar en caso de dúbida o contido do mesmo.
- c) Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

No caso de ausencia dos anteditos representantes, poderase delegar nas persoas que estes determinen.

A comisión mixta reunirse, de xeito ordinario, con periodicidade anual, así como as veces que se considere necesario por solicitude de calquera das partes.

Cuarta. Orzamento.

A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico para as partes asinantes do convenio e por iso non se necesita consignación orzamentaria.

Quinta. Prazo de vixencia do convenio

O presente convenio terá unha duración dun (1) ano, contado desde a data da súa sinatura.

Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga, por un período de ata catro (4) anos adicionais.

A prórroga realizarase de forma expresa mediante unha addenda ao convenio.

Sexta. Modificación e causas de resolución

1. A modificación do convenio adoptarase por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que se esixan na normativa vixente.
2. Serán causas de resolución as previstas con carácter xeral no artigo 51 da Lei 40/2015 do 1 de outubro.

Sétima. Accións de promoción e difusión

Ambas as dúas partes poderán darlle difusión a este convenio a través das súas canles de comunicación internas e externas, e farase constar expresamente a colaboración acordada entre a Deputación de Pontevedra e o Servizo Galego de Saúde.

Todos os documentos e accións de difusión e información do programa que se leven a cabo por parte da Deputación de Pontevedra, tanto publicacións (material de divulgación) como contornas dixitais (webs, etc ...), incluírán o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, consonte as condicións e requisitos sinalados no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Oitava. Obrigas en materia de Protección de datos

As partes asinantes estarán obrigadas, en materia de protección de datos de carácter persoal, a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e da súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Ambas as partes comprométense a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude deste convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos nel, e farán constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso.

Deste xeito, as partes asinantes e as persoas participantes que teñan acceso a datos de carácter persoal non revelarán a persoas alleas ao Servizo Galego de Saúde información da que tivesen coñecemento, nin utilizarán ou dispoñerán dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á que é obxecto deste convenio.

Esta mesma obriga subsistirá tamén unha vez finalizado o período de vixencia do convenio, e responderase en caso de incumprimento do deber de segredo ante o Servizo Galego de Saúde sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos ou ante calquera outro órgano competente.

Para a protección e tratamento de datos terase en conta:

1. O tratamento de datos persoais: garantírase que todos os datos persoais das e dos pacientes participantes no programa sexan tratados de forma confidencial e segura, co fin de preservar a súa privacidade e cumprir coa normativa de aplicación; os datos destas persoas non sairán da contorna do Servizo Galego de Saúde
2. O acceso á información: as e os pacientes terán dereito a acceder aos seus datos persoais, rectificalos ou suprimilos en calquera momento, de acordo co establecido pola lexislación vixente aplicable.

Novena. Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mais o resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O Museo de Pontevedra informa á outra parte de que, en cumprimento do establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á que está suxeito, os datos relativos ao presente convenio (data, partes, obxecto, dereitos e obrigas principais e vixencia) serán publicados na web <http://museo.depo.gal>.

Este convenio inscribírase no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décima. Consello de Contas

A Deputación de Pontevedra remitirá o convenio ao Consello de Contas de acordo co preceptuado na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, segundo o procedemento establecido na Resolución presidencial núm. 2023001273, de 14 de febreiro de 2023.

Décima. Natureza xurídica

Este convenio ten natureza administrativa e rexeráse polo establecido nas súas estipulacións e pola lexislación vixente en materia administrativa, en concreto, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

públicas, e pola Lei 40/2025, do 1 de outubro, , e queda excluído da aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Décima Primeira. Xurisdición.

Mediante a sinatura deste convenio ambas as dúas partes comprométese a resolver de mutuo acordo as incidencias que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, que non podan ser resoltas no eido da Comisión Mixta Paritaria serán de coñecemento e da competencia da orde xurisdicional do contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba de conformidade e aceptación con canto antecede, as partes asinan este convenio de colaboración na data da sinatura electrónica.

O Presidente do Servizo Galego de Saúde
(P.D. de data 06 de maio de 2025)
O Xerente da Área Sanitaria de Pontevedra
e O Salnés.

O Presidente da Deputación de Pontevedra

José Flores Arias

Luís Lopéz Diéguez